



OBRA DOIRO

DE IGUAL
A IGUAL

DO TEATRO
À KIDA

A partir do espectáculo:

TODAS
TEMOS

A MESMA
HISTORIA

de Darío Fo &
Franca Rame

ÍNDICE

Hª DA COMPAÑÍA 4



OBRADOIRO 5

DESCRICIÓN 6

OBXECTIVOS 7

METODOLOXÍA 8

**CONTIDO DO
PROGRAMA 9**



Hº DA COMPAÑÍA

LaGriot'te é unha compañía galego-andaluza fundada e dirixida por o xestor cultural e director de escena Nazan L. Bamio e a actriz de teatro físico e directora de movemento Sandra Gade.

O nome da compañía non é trivial. A súa orixe resulta dunha homenaxe ás dinastías familiares de Griots existentes en África. O Griot ou A Griot é a persoa encargada de manter viva a cultura e tradición do pobo ao que pertencen. Esta figura era a responsable de lembrar, e deste modo manter vivos, tódolos poemas, cancións, historias, lendas... que sucederan nun lugar. Un lixeiro esquecemento e o pobo quedaría ferido de por vida ao desprenderse da súa historia un anaco que lle pertencía.

Un teatro que non esquece para recordar as raíces do noso presente.

RECOÑECEMENTOS

- 1º premio do público no FestelOff (Festival de Teatro en Londres)
- 3º premio do xurado no FestelOff (Festival de Teatro en Londres)
- Obra seleccionada no Festival SURGE Madrid 2021
- Residencia artística en espazos escénicos no territorio nacional 2021 INAEM
- Actuacións ao longo do panorama nacional e internacional: Andalucía, Comunidade de Madrid, Castilla y León, La Rioja, Extremadura, Londres, Alemaña...
- Axuda á creación AGADIC 2024



Este encontro invita a persoas adultas, mulleres e homes, e a mocidade (a partir dos 16 anos) a participar activamente: lendo, escribindo, expresándose co corpo, compartindo emocións, vivencias e propoñendo cambios reais.

**Non se precisa experiencia previa en teatro, só a disposición a sentir, pensar e actuar.*

Nº PARTICIPANTES

10 a 20 personas

DURACIÓN

Sesión intensiva de 2 horas


IMPARTIDO POR

Sandra Gade

NECESIDADES

Espazo diáfano e amplo para moverse (con enchufe e unha mesa e cadeira)






Este obradoiro é unha proposta vivencial que utiliza o teatro como ferramenta para reflexionar, empatizar e actuar fronte ás desigualdades de xénero que atravesan a nosa vida cotiá.

Dende LaGriot'te cremos que as artes escénicas e máis concretamente o teatro, permítenos somerxernos nesta problemática que segue axexando na nosa sociedade coa distancia necesaria para abordala dunha maneira obxectiva, lóxica e empática para que poida exercer un forte impacto e achegarnos á igualdade das persoas sen sinalar ou acusar o xénero das mesmas.

Neste caso, **o escenario non é soamente un lugar para actuar, senón para transformar.**

Porque aínda queda moito por dicir, por escoitar, por actuar e por cambiar.



OBXECTIVOS XERÁIS E ESPECÍFICOS

Usar o teatro como ferramenta de empatía, expresión e transformación social. Explorando, visibilizando e transformando colectivamente situacións de desigualdade e violencia cara as mulleres mediante distintas técnicas e xogos teatrais.

1. Sensibilización e toma de conciencia: fomentar a reflexión sobre as causas, axentes implicados e factores de risco das desigualdades que sofren as mulleres, así como sobre as diferentes maneiras de actuar ante ditas situacións.

2. Empatía e responsabilidade colectiva: Aumentar a empatía cara as mulleres que sofren situacións de desigualdade e tomar conciencia da responsabilidade que cada individuo ten no mantemento ou a loita contra estas situacións.

3. Capacitación para a acción: Incrementar a capacidade de actuación do público ante situacións de desigualdade por razón de xénero, proporcionando ferramentas para intervir de maneira efectiva no seu entorno.

4. Transformación de roles e estereotipos: Desmontar o modelo patriarcal e construír colectivamente outros tipos de masculinidades e relacións baseadas na igualdade, a paz e a convivencia.

5. Prevención da violencia de xénero: Abordar dende a raíz posibles casos de violencia de xénero en parellas, ofrecendo ao alumnado ferramentas eficaces para a prevención de relacións afectivo-sexuais abusivas.




A metodoloxía empregada será práctica. A mellor forma de recibir a aprendizaxe é experimentándoo unha mesma e poñéndoo en práctica a través de diversas técnicas, xogos, dinámicas, ensaio e proceso de creación.

A actividade desenrólase nunha única sesión onde se traballarán dende diferentes puntos de vista.

Todas serán actrices/espectadoras e actores/espectadores. Desta maneira non só poderán ver o que está a suceder senón que vivirán algunhas das situacións de desigualdade que as propias alumnas e alumnos propoñen para que de forma activa recoñezan ditas situacións, sintan a necesidade, conscientemente, de actuar en consecuencia e cambiar os actos inxustos que se nos presentan.

Sempre dende unha perspectiva lúdica e divulgativa que permita unha posta en práctica do aprendido de forma eficaz e sinxela.



CONTIDO DO PROGRAMA

. Sesión formativa

A través de distintas técnicas e xogos teatrais, traballaremos diferentes exercicios onde poderemos aprender e recoñecer a linguaxe corporal e o que transmitimos con ela cara aos demais, os diferentes roles que desempeñamos na sociedade, o status de poder e o que xera co noso comportamento e como actuar en consecuencia.

. Proceso de creación

Cada alumna e alumno, escribirá nun papel unha pequena escena ou situación persoal de desigualdade que viviran en primeira persoa ou que viran e que queiran denunciar.

Logo, dividiranse en grupos e cada un deles collerá un papel ó azar. Unha vez lida a situación proposta, deberán montar e ensaiar unha escena que a represente empregando o aprendido na parte formativa.

. Mostra

Unha vez rematado o proceso de creación, os grupos formados realizarán a escena ensaiada.

Pero non só quedámonos co visto no “escenar-io”. Esas mostras serán o primeiro paso para abrir o debate sobre o que acabamos de ver, reflexionar, compartir, recoñecer a desigualdade e aplicar as ferramentas adquiridas ao longo da sesión e poñelas en práctica, abrindo este debate e combate cara á vida real.

CRONOGRAMA DA SESIÓN

- _ Presentación e contextualización
- _ Quentamento
- _ Sesión formativa
- _ Escritura
- _ Creación de escenas
- _ Mostras e debate
- _ Conclusión do curso



LaGriot'te



@lagriot_te



658 689 282 / 675 421 636



producciones@lagriotte.es



www.lagriotte.es

MATERIAL OBRA DE TEATRO **TODAS TEMOS A MESMA HISTORIA**

Distribución



VÍDEO



TEASER



FOTOS

